



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Relacións Literarias e Culturais no Espazo Lingüístico Galego-Portugués			Código	613584120
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Portugués				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es		
Profesorado	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo das influencias e converxencias literarias e culturais no contexto lingüístico galego-portugués, nun percurso de traballo que integra a reflexión teórica sobre as interaccións existentes no marco fixado e a análise crítica de diferentes textos e produtos artísticos.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas: presentación oral, seminario, traballos tutelados e análise de fontes documentais. *Metodoloxías docentes que se modifican Mantéñense todas as metodoloxías docentes, así como o seu peso na avaliación, tanto para a 1.ª como para a segunda oportunidade; porén, a presentación oral realizarase a través dun vídeo que se enviará á docente por correo electrónico ou que se subirá a Moodle (á escolla do alumnado).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado As titorías desenvolveranse por Teams previa cita (que se concertará por e-mail no mínimo con un día de antecedencia).</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non hai modificacións. *Observacións de avaliación: Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma



A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Colocar o estudo da literatura nun marco cultural amplo, ultrapasando fronteiras nacionais e atendendo fundamentalmente ao espazo galego-portugués.	AM1 AM6 AM8 AI1		
Desenvolver a capacidade creativa na análise de textos literarios, produtos artísticos e realidades culturais desde unha perspectiva comparatista.	AM3		
Empregar unha análise de tipo comparatista, transnacional e plurilingüística ao estudo da literatura.	AM4 AI2 AI3		
Utilizar as Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) precisas para o desenvolvemento do traballo e para a adquisición de coñecementos e destrezas ao longo da vida.		BM3 BP1 BP3 BP5	
Tomar conta, como profesional e como cidadán/á, da relevancia da adquisición de coñecementos ao longo de toda a vida.		BP1 BP2 BP4	
Colaborar para a comprensión intercultural desde a asunción da diversidade.		BP4	CM4
Traballar a capacidade de síntese e a adopción dunha perspectiva crítica a fin de poder desenvolver proxectos de investigación de calidade.			CM1 CM2 CM5 CM6 C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Configuración do espazo cultural galego-portugués.	1.1. Elementos identitarios e caracterizadores.
2. Sinerxias literario-culturais no espazo galego-portugués.	2.1. Produtores/as, institucións e eventos. 2.2. Repertorios de mediación (Saudosismo, Neotrovadorismo, Iberismo etc.).
3. Perspectivas de futuro.	3.1. Axentes e políticas culturais actuais. 3.2. Novas vías de desenvolvemento.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A13 A3 A12 C7 C5 C6 C8	5	5	10
Seminario	A1 A3 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C2 C4	10	10	20
Traballos tutelados	A3 A4 A14 A12 C1 C7	0	15	15
Análise de fontes documentais	A4 A14 B4 B3 C1 C7	0	25	25
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O/A estudante presentará na última sesión o traballo tutelado realizado para a materia.
Seminario	O/A alumno/a deberá participar activamente na aula colaborando nas discusións dunha maneira crítica e realizando, ben individual ben grupalmente, pequenas tarefas programadas para cada sesión a fin de asentar os coñecementos teóricos adquiridos durante as aulas ou a través das lecturas indicadas polo/a docente.
Traballos tutelados	O/A estudante deberá desenvolver por escrito un dos temas propostos polo/a docente desde unha óptica crítica, mais achegando a súa visión particular, para mostrar os coñecementos e as competencias adquiridas na materia.
Análise de fontes documentais	Para acompañar os contidos fornecidos durante as aulas, participar nas discusións desenvolvidas durante os seminarios e levar a cabo a presentación oral, o/a estudante terá que realizar unha serie de lecturas que o/a profesor/a indicará o primeiro día do curso e/ou ao longo das sesións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Tanto nas sesións de seminario como na presentación oral, o/a docente tentará dar unha atención personalizada ao/á estudante, guiando o seu traballo individual e resolvendo dúbidas.
Presentación oral	
Seminario	Alén diso, o/a profesor/a estará dispoñíbel durante o seu horario de atendimento e a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A4 A14 A12 C1 C7	O/A estudante terá que desenvolver por escrito un dos temas propostos polo/a docente desde unha óptica crítica, mais achegando a súa visión particular, para mostrar os coñecementos e as competencias adquiridas na materia.	40
Presentación oral	A13 A3 A12 C7 C5 C6 C8	O/A estudante presentará na última sesión o traballo tutelado realizado para a materia.	20



Seminario	A1 A3 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C2 C4	O alumnado deberá colaborar activamente no desenvolvemento das aulas participando nas discusións xeradas e realizando, ben individualmente ben en grupo, unha serie de pequenas tarefas programadas para cada sesión.	40
-----------	----------------------------------	---	----

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS

1.1. Tanto as actividades como as probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

1.2. As presentacións orais realizaranse na última sesión do curso.

1.3. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades se estas foren realizadas fóra de prazo sen causa xustificada. Alén diso, se se detectar plaxio, este levará consigo o suspenso da actividade.

1.4. Os / As alumnos/as

que non superaren a materia na 1.ª oportunidade poderán recuperala total ou parcialmente na 2.ª oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

1.5. Os traballos

presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio (mesmo de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades polo/a estudante). En caso de se producir plaxio, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña? (artigo 14.4).

2. CUALIFICACIÓN FINAL na 2.ª OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Os / As estudantes que suspenderen a presentación oral deberán facer outra proba do mesmo tipo na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da facultade para a 2.ª oportunidade. Esta proba suporá igualmente o 20 % da cualificación final.

2.2. Os / As estudantes que suspenderen as actividades programadas (que se corresponden co apartado "Seminario") deberán realizar outras actividades substitutivas que se lles encomendaren e que constituirán o 50% da cualificación final. Para este efecto, o profesorado da materia fará públicas, xunto coas cualificacións da 1.ª oportunidade, as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega etc.).

3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

3.1. En cada oportunidade de avaliación o / a alumno/a recibirá a cualificación de NON PRESENTADO/A (NP) se non acudir á presentación oral.

4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL CON DISPENSA ACADÉMICA

4.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás

actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).

4.2. No caso de que algún ou algunha estudante teña calquera dificultade para cumprir no calendario previsto coas actividades avaliábeis exixidas (e non se lle teña concedido a dispensa académica), deberá dirixirse á docente, coa maior antecedencia posíbel, para fixar en conxunto datas alternativas.

5. CONVOCATORIA DE DECEMBRO

Na

convocatoria adiantada de decembro aplicarase o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial con dispensa académica.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Abuín González / Tarrío Varela, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparadas das literaturas da Península Ibérica. . Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. - Casas, Arturo (2003). "Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico". Interlitteraria 8 - Dias, A. F. (1998). História e crítica da literatura portuguesa.. Verbo. - Fernández del Riego, Francisco (2001). "Galegos e portugueses na área da cultura común". Congreso de Literatura Galega e do Norte de Portugal: o libro e a lectura. Consellería de Cultura, C - Freixeiro Marto, Xosé Ramón (1994). "Unha visión das relacións culturais galego-portuguesas nos anos vinte a través da correspondencia entre Teixeira de Pascoaes e Noriega Varela". Boletín Galego de Literatura 11 - Petrov, Petar et alii (2012). Avanços em literatura e cultura portuguesas. Século XX. AIL-ATRAVÉS eDITORA - Pociña López, Andrés José (2007). "Portugal en la obra de Eduardo Pondal". Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca. - Pozo Garza, Luz (2001). "Poesía portuguesa en Nordés". Congreso de literatura galega e do norte de Portugal. Xunta de Galicia - Rodrigues Baptista, António (1993). Rosalía de Castro no horizonte dos 'saudosistas' portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoaes". Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca. - Salinas Portugal, Francisco (2007). "A língua e a literatura portuguesas na configuração do campo literário galego". Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca. - Samartim, Roberto López-Iglesias (2017). Mudança política e sistemas culturais em transição. Santiago de Compostela: Laiovento - Samartim, Roberto López-Iglesias / Cordeiro Rua, Gonçalo (2009). "O pensamento cultural galego em referência a Portugal: posição e função de ideias e grupos no Tardofranquismo e na Transição". Congresso Internacional "O pensamento luso-galaico-brasileiro entre 1850 e 2000. Imprensa Nacio - Seabra, José Augusto (1999). "Apostila. A geração da Renascença Portuguesa e a revista Nós".. Nova Renascença. - Torres Feijó, Elías J. (). "Contributos sobre o objecto de estudo e metodologia sistémica. Sistemas literários e literaturas nacionais".. Bases metodolóxicas para unha historia comparadas das literaturas da Península Ibérica. USC. - Torres Feijó, Elías J. (2007). "O 25 de Abril e as suas imediatas conseqüências para e no campo do protossistema cultural galeguista". . Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos 2. - Valiente Fernández, Alicia (2007). "La recepción de la cultura portuguesa en la revista Nós". Revista de Filología Romántica 24. - Vázquez Cuesta, Pilar (1992). "Relacións entre as literaturas galega e portuguesa". Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías